

Coidémos

MEDIDAS HIXIÉNICAS E ORGANIZATIVAS. COVID-19



SE PRESENTAS ALGÚN SÍNTOMA, QUEDA NA CASA

Realiza a enquisa de avaliación clínica da COVID-19. Se tes febre, tose seca, dificultades respiratorias, diarrea, falta de gusto e olfacto, etc., queda na casa e chama ao centro de saúde.



REVISA O MATERIAL ESCOLAR

Antes de saíres da casa, revisa a mochila para comprobar que levas todo o material necesario para as clases xa que non se pode compartir. É de uso individual.



USA A MÁSCARA EN TODO MOMENTO E DE MODO CORRECTO

Leva unha máscara posta e outra de recambio. Sen elas, non poderás acceder ao centro.


Duración: 4h de uso continuado nas hixiénicas, cirúrxicas e de tea; 8h nas FFP2 e FFP3.



MANTÉN UNHA BOA HIXIENE DAS MANS

Lava as mans con frecuencia, usa o xel hidroalchólico e evita tocar elementos comúns (pasamáns, portas, etc.). Ao tusir ou espirrar, usa un pano desbotable ou a parte interna do cóbado.

CANDO TE DESPRACES POLO CENTRO, CIRCULA POLA DEREITA E RESPECTA A DISTANCIA DE SEGURIDADE INTERPERSOAL



NA AULA

Tes asignado o mesmo posto para todo o curso.

Cando cambies de aula e á saída, desinfecta a mesa e a cadeira.

NOS RECREOS

Cada curso ten asignada unha zona de patio. Se chove, o recreo terá lugar na aula na que se teña clase a 3ª hora.

Ás 11:30 saen os cursos impares; os pares, ás 11:35. Os impares volven ás aulas ás 12:00; os pares, ás 12:05.

NOS BAÑOS

Cada curso ten asignado un baño, que se usará ao comezo e ao regreso do recreo.

O aforo máximo é de 2 persoas.

Se necesitas ir no recreo, o acceso será supervisado polo profesorado de garda.

ACCESOS E SAÍDAS

Así que chegues ao IES, diríxete á aula pola porta máis próxima a ela, senta na túa cadeira e prepárate para as clases.

Ao remataren, o alumnado non transportado sairá 5 min. antes (14:30 e 18:05) e o transportado cando soe o timbre..

COLABORA

Se te atopas mal no centro, avisa o profesorado.

Presta atención á sinalización e sigue en todo momento as indicacións do profesorado, @s conserxes e @s responsables COVID de cada aula.

www://

Para máis información sobre os protocolos de seguridade, accede ao Espazo COVID na páxina web:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iessoutomaioir>